

CONTO: A CASTAÑA QUE ESTOUPOU COA RISA

Un día, xa fai anos, ían de camiño unha brasa de carbón, unha palla e unha castaña. Chegaron á beira dun río e non sabían como facer para atravesalo.

A castaña que era moi lista propuso o seguinte: como a palla pode flotar na auga, eu montareime enriba dela e nadando levárame á outra orilla. Despois voltará a levarte a ti, dixo falando cara a brasa.

Como a idea lles pareceu ben as dúas, así se fixo. Primeiro a palla levou a castaña e despois voltou pola brasa. Pero cando estaban no medio do río, a palla sentiu que se estaba queimando coa calor da brasa e, de súpeto fixo un movemento brusco e dunha sacudida botouna a auga.

Cando a castaña viu isto, deulle un ataque de risa, ríase tanto de ve-la brasa mollada, ríase con tanta forza que estoupou. A palla quedou na beira de río toda chamuscada. A brasa chegou máis tarde, tan molladiña que se apagou.

Estaban as dúas incomodadas coa castaña porque se estaba a rir mentres elas o pasaban mal, pero cando se decataron que coa risa lle reventara a tona e que estaba destrozada, sentiron lástima dela e foron buscar un xastre para que a remendase e lle recosese o burato.

O xastre só tiña un anaco de tea máis claro que o da tona da castaña e tivo que amañala poñéndolle un anaco de esa cor. Por iso agora andan tódalas castañas cun pedaciño de tona que parece un pouco máis claro.



PREGUNTAS SOBRE O CONTO

1- ¿Quén ía caminando coa castaña?

2- ¿Ónde íase montala castaña?

3- ¿A quen levou primeiro a palla?

4- ¿Qué pasou cando a palla levaba á brasa?

5- ¿Qué lle pasou a castaña cando viu esto?

6- ¿A quen foron a buscar para asudar á castaña?

7- ¿Que lle puxo o xastre?

Material recollido do traballo publicado por ANA M^º SALADO PÉREZ

M^º ÁNGELES ÁLVAREZ ALONSO

(TUTORAS DEL 1ER CICLO DE E.P.)

COLEGIO SANTA VEDRUNA

